

## DECEMBRO 2017

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Decembro 2017

|                        | ESPAÑA     |                    | GALICIA |                    |
|------------------------|------------|--------------------|---------|--------------------|
|                        | Nº         | Var. Int.<br>17/16 | Nº      | Var. Int.<br>17/16 |
| <b>VIAXEIROS</b>       | 5.792.061  | 4,5%               | 201.493 | 7,2%               |
| <b>NOITES</b>          | 16.180.355 | 1,0%               | 379.973 | 7,0%               |
| <b>ESTADÍA MEDIA</b>   | 2,79       | -3,4%              | 1,89    | -0,2%              |
| <b>% OCUPACIÓN</b>     | 46,90%     | 0,46               | 24,32%  | 1,47               |
| <b>% OCUPACIÓN Fds</b> | 53,11%     | 2,28               | 28,75%  | 2,59               |

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de decembro Galicia rexistrou un incremento global da demanda hoteleira en relación ao pasado ano 2016. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 7,2% -acadando pouco máis de 201 mil- e o volume de pernoctacións un 7,0% -con case 380 mil no conxunto da comunidade-.
- É o terceiro ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda no último mes do ano, a taxas semellantes que se sitúan no 7,4% en 2015, no 7,9% en 2016 e no 7,0% agora en 2017. Esta tendencia sitúa o nivel final en 380 mil noites no conxunto da comunidade, a cifra máis elevada desde o 2010.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é algo diferente. Neste caso son cinco anos consecutivos de crecemento a taxas variables: do 2,0% en 2013, do 5,5% en 2014, do 9,2% en 2015, do 2,9% en 2016 e do 7,2% agora en 2017. Esta dinámica eleva a cifra final a pouco máis de 201 mil viaxeiros, o dato máis alto desde o 2007 –e moi semellante ao rexistrado nese ano-.
- En termos de volume a variación tradúcese na xeración de máis de 13 mil viaxeiros aloxados e de preto de 25 mil novas pernoctacións en relación a decembro de 2016.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante aínda que de menor intensidade. Sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 4,5% e o volume de pernoctacións un 1,0%.
- Este leve incremento vén como consecuencia do comportamento positivo observado na maior parte das comunidades autónomas. Neste mes son dous destinos dispares –Aragón e a C. Valenciana- os que amosan o crecemento de maior intensidade superando nun 9,5% e 9,4% respectivamente os niveis do pasado ano-. Madrid amosa tamén unha suba importante, do 9,2% neste caso.
- Nun segundo grupo sitúanse dous destinos parellos –Castela e León e Galicia- con incrementos do contorno do 7% interanual.
- No lado contrario son catro os destinos que presentan unha caída da demanda hoteleira en relación ao pasado ano. Por orde de intensidade son Baleares –que presenta un descenso do 0,8%-, Canarias –do 2,6%-, A Rioxa –do 4,4%- e Cataluña –do 10,7% neste caso-.

- En termos de viaxeiros aloxados o ranking difire levemente sendo a C. Valenciana o destino que presenta o incremento de maior notoriedade –do 11,5% interanual-. Neste caso comparten intensidade elevada Estremadura e o País Vasco –con subas do 11,0% e 10,3% interanual-.
- Canarias –con preto de 5,5 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de decembro –absorbendo o 33,8% do total estatal-. Tal circunstancia xa acontecera en outubro e novembro -se ben cun peso inferior ao actual- mais contrasta coa panorámica de meses anteriores cando Baleares lideraba, de maio a setembro en particular, o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal. Canarias recupera desta maneira o liderazgo que presentara no primeiro cuadrimestre do ano.
- Seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con 2,3 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 2,1 millóns de pernoctacións-, Madrid –con algo máis de 1,9 millóns- e a C. Valenciana –con case 1,5 millóns-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 82% do total da demanda hoteleira de España. O 18% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,3% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con incrementos de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un incremento do 2,4% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por un crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, que sobe un 9,1%. Esta suba engádese á rexistra nos dous anos anteriores -cando o volume de noites incrementárase nun 1,7% e 13,1% respectivamente- e sitúa o volume final en preto de 149 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo pois supera nun 9,9% os niveis de demanda do pasado ano –medida en pernoctacións- grazas ao incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 6,4%, nun contexto de leve mellora da estadía media. O crecemento global deste segmento de mercado permite xerar máis de 15 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano e situar o nivel en máis de 173 mil no conxunto da comunidade –a cifra máis elevada desde o 2007-.
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un incremento do turismo receptor nacional en Galicia no mes de decembro –ao crecemento deste ano hai que engadir a suba dos catro anteriores, a taxas variables-.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta tamén un incremento da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,3% e o volume de pernoctacións un 10,8%, contribuíndo desta maneira á dinámica positiva global.
- O incremento deste ano engádese aos rexistrados nos tres anteriores –do 2,7% en 2014, do 15,9% en 2015 e do 4,5% en 2016- acumulando, por tanto, catro anos consecutivos de comportamento positivo neste mes de decembro. Esta dinámica coloca o nivel de demanda internacional en preto de 58 mil noites neste mes de decembro, a cifra máis elevada desde o 2007. En termos de viaxeiros aloxados o segmento internacional acadada tamén niveis importantes con 30.500 neste último mes de 2017.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 15,2% do total da demanda hoteleira, cifra importante pero inferior á de meses anteriores. Como corresponde a un mes de temporada baixa o

segmento de maior peso é o nacional e sobre todo aquel que procede do conxunto do Estado –o turismo receptor nacional representa o 45,7% do total das noites hoteleiras-.

- A nivel territorial obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira, con incrementos en dúas das catro provincias galegas –do 8,8% en A Coruña e do 9,7% en Pontevedra-. En Lugo e Ourense, en cambio, rexístranse variacións pouco significativas que permiten manter en esencia os niveis do pasado ano.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia mantense estable neste mes de decembro situándose en 1,9 noites de media. Estabilízase a estadía media logo do incremento rexistrado en decembro do pasado ano –do 4,9%- que permitiu situar a cifra final en 1,9 noites –logo dos descensos rexistrados nos anos anteriores-. O nivel máximo do mes de decembro rexistrábase en 2008 con 2,1 noites de media.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 0,4%-, circunstancia que permite mellorar os niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en 1,5 puntos porcentuais para situarse no 24,3% de media-. Son tres anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Galicia no mes de decembro, circunstancia que coloca o dato de 2017 no máis elevado dos últimos dez anos.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes o nivel de ocupación máis baixo do conxunto do Estado. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 71,3% en decembro. Seguen Madrid –cun 57,5%- e a C. Valenciana –cun 44,9% neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 46,9%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación mellora en boa parte das comunidades autónomas. Madrid e Aragón son neste caso os destinos que amosan o incremento máis destacado, do contorno dos catro puntos porcentuais. No lado contrario a ocupación descende en catro destinos –Balears, A Ríoxa, Canarias e Cataluña-, en paralelo ao observado polo lado da demanda.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste último mes do ano –un 3,1% en particular- situándose en 53,2 euros de media –a cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de decembro con 104,2 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Madrid –con 84,7 euros-, Balears –con 84,5 euros- e Cataluña –con 83,5 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 81,8 euros de media.
- Os prezos hoteleiros soben na maior parte das comunidades autónomas destacando en intensidade Asturias –cun incremento do 8,0%- e Navarra –cunha suba do 7,2% neste caso-. Tres son as comunidades nas que, en cambio, descenden as tarifas hoteleiras: Aragón, Balears e Cataluña.
- O incremento das cifras de demanda e dos niveis de ocupación neste mes de decembro, nun contexto no que soben levemente as tarifas, permite que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2016 –o RevPAR sobe un 11,5% ata situarse en 14,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis baixa do conxunto do Estado-.

- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 83,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de decembro. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 55,0 euros neste caso-.
- En termos dinámicos é Madrid o destino onde se rexistra un incremento máis intenso do RevPAR hoteleiro, superando nun 15,9% o valor do pasado ano. Presentan tamén subas importantes Navarra e Estremadura –con porcentaxes que superan o 14% interanual-.

## ANO 2017

Tab. 2. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Ano 2017

|                      | ESPAÑA      |                    | GALICIA   |                    |
|----------------------|-------------|--------------------|-----------|--------------------|
|                      | Nº          | Var. Int.<br>17/16 | Nº        | Var. Int.<br>17/16 |
| <b>VIAXEIROS</b>     | 103.496.995 | 3,7%               | 4.477.689 | 3,5%               |
| <b>NOITES</b>        | 340.037.164 | 2,7%               | 8.778.079 | 6,5%               |
| <b>ESTADÍA MEDIA</b> | 3,29        | -1,0%              | 1,96      | 2,9%               |
| <b>% OCUPACIÓN</b>   | 61,14%      | 1,30               | 38,66%    | 2,68               |

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No ámbito estritamente hoteleiro, neste ano 2017 Galicia rexistra un incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 3,5% en relación ao mesmo período do pasado ano, acadando preto de 4,48 millóns. Sobe tamén o volume de pernoctacións –un 6,5% neste caso- con 8,78 millóns no conxunto da comunidade.
- O incremento da demanda deste ano engádese ao rexistrado nos catro anteriores. O volume de pernoctacións sobe un 1,8% en 2013 -rompendo unha serie de caídas consecutivas nos dous anos anteriores-, e logo un 5,0% en 2014, un 8,3% en 2015 e un 7,2% en 2016. Son, por tanto, cinco anos consecutivos de crecemento, circunstancia que permite achegarse aos 8,78 millóns de pernoctacións neste 2017 –cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade-. Nunca antes se superara a barreira dos 8,5 millóns de pernoctacións en Galicia nun ano.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella. O incremento deste ano engádese ao rexistrado nos catro anteriores continuando, por tanto, coa tendencia positiva iniciada en 2013. Desta maneira, os incrementos consecutivos do 4,9% en 2013, do 8,1% en 2014, do 12,0% en 2015, do 5,9% en 2016 e do 3,5% agora en 2017 elevan a cifra global a 4,48 millóns no conxunto da comunidade, cifra que supón tamén neste caso un máximo histórico en Galicia.
- En termos de volume a variación tradúcese na xeración de máis de 150 mil viaxeiros aloxados e de 536 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano 2016.
- A nivel estatal obsérvase tamén un comportamento positivo da demanda: sobe a cifra de viaxeiros aloxados, nun 3,7%, e tamén o nivel de pernoctacións, un 2,7% neste caso.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos incrementos observados en todas as comunidades autónomas, isto é, obsérvase un comportamento homoxéneo a nivel dos distintos territorios do Estado. Neste contexto destaca unha comunidade –Aragón- por presentar o incremento máis notable –pois supera nun 7,8% os niveis do mesmo período do pasado ano-.
- Nun segundo grupo, con incrementos tamén notables que superan o 6% interanual, sitúanse Madrid, Galicia e o País Vasco. Así pois, son parte das comunidades do norte peninsular as que lideran o crecemento da demanda hoteleira –en termos relativos- no conxunto do Estado –situándose Galicia entre elas-. A Rioxa e Baleares son, pola contra, os destinos cun incremento máis moderado, menos intenso –do 1,5% en ambas-.

- En termos de viaxeiros aloxados acontece algo semellante. Obsérvase un crecemento xeneralizado que lidera tamén neste caso Aragón –cunha suba do 7,1%-.
- Canarias –con preto de 71,0 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste ano –absorbendo o 20,9% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Baleares –con máis de 59,6 millóns-, Cataluña –con 57,1 millóns- e Andalucía –con máis de 52,4 millóns-, por diante da C. Valenciana –con 29,1 millóns- e Madrid –con preto de 23,8 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86,2% do total da demanda hoteleira de España. Galicia ocupa neste período a sétima posición –por quinta vez en 2017- representando o 2,6% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con crecementos de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un incremento do 2,5% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por unha mellora da estadía media nun contexto de certa estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados. É o terceiro ano consecutivo no que se observa un comportamento positivo deste segmento. Ao crecemento deste ano hai que engadir a suba rexistrada en 2015 -do 1,5%- e en 2016 -do 8,1% neste caso-. O resultado global sitúa o nivel de pernoctacións en máis de 2,1 millóns, a cifra máis elevada dos últimos sete anos. En termos de viaxeiros aloxados o mercado interno achégase a 1,15 millóns neste período, o dato máis elevado desde o 2007.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo superando nun 3,3% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 7,2% o volume de pernoctacións. Este incremento engádesse aos rexistrados nos catro anos anteriores –do 1,0% en 2013, do 5,2% en 2014, do 9,2% en 2015 e do 7,2% en 2016- acumulando, por tanto, máis de 4,5 millóns de pernoctacións nos establecementos hoteleiros de Galicia –a cifra máis elevada desde o último Xacobeo 2010-.
- Neste ano o peso do mercado receptor nacional ascende ao 51,5% do total da demanda hoteleira.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta un incremento importante en relación ao pasado ano. Supera nun 6,3% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 9,3% o nivel de pernoctacións de 2016. É o sexto ano consecutivo no que o mercado internacional amosa un comportamento positivo, con crecementos sostidos que permiten acadar máximos históricos de demanda con 1,3 millóns de viaxeiros aloxados e máis de 2,1 millóns de noites nos establecementos hoteleiros de Galicia.
- Por vez primeira en Galicia o turismo internacional supera o nivel dos dous millóns de noites nos establecementos hoteleiros ao longo dun ano.
- O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional permite ao primeiro gañar cuota de mercado en Galicia e representar xa o 24,1% do total da demanda –medida en pernoctacións-. En termos de viaxeiros aloxados o peso sitúase no 29,0%. Ambas cifras supoñen máximos históricos na comunidade.
- A estadía media nos establecementos hoteleiros de Galicia sitúase preto das dúas noites, superando nun 2,9% o dato do pasado ano. Logo dun período de caídas consecutivas en sete anos –de 2009 a 2015- a estadía media recupérase levemente en 2016 cunha suba do 1,3% que precede

ao incremento deste 2017 –do 2,9%-. Consegue neste dous anos mellorar en case unha décima a cifra final e marcar o nivel máis alto desde o 2013.

- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve caída da oferta, isto é, do número de prazas dispoñibles no conxunto de Galicia, o que permite mellorar os niveis de ocupación. En particular, sobe en 2,7 puntos porcentuais ata situarse no 38,7% de media neste ano –cifra que tamén supón neste caso máximo histórico na comunidade-. Son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación en Galicia no conxunto da oferta hoteleira.
- Neste ámbito Galicia rexistra a cuarta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado, só por diante de Castela e León, Estremadura e Castela A Mancha. Lidera este ranking Baleares cun promedio do 78,8% neste 2017.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste 2017 –un 3,1% en particular- situándose en 57,7 euros de media –a quinta cifra máis baixa do conxunto do Estado, superando os valores rexistrados en Castela e León, Estremadura, Aragón e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste ano con 98,6 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña –con 96,9 euros-, Canarias –con 96,6 euros- e Madrid –con 88,4 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste ano queda nos 87,3 euros de media.
- Os prezos hoteleiros soben en practicamente todas as comunidades autónomas destacando en intensidade Madrid –cun incremento do 9,8%-. Galicia sitúase neste caso nunha posición intermedia con subas semellantes ás rexistradas en Asturias e no País Vasco. Só Estremadura presenta neste caso un descenso do ADR Hoteleiro, do 1,0% en relación ao 2016.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa un incremento das tarifas hoteleiras en Galicia, circunstancia que coloca o dato de 2017 no máis elevado dos últimos oito anos –a serie histórica do INE comeza en 2010-.
- O incremento das cifras de demanda e dos niveis de ocupación neste ano, nun contexto no que soben en paralelo as tarifas, permite que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao 2016 –o RevPAR sobe un 10,7% ata situarse en 24,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cuarta cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- O incremento deste ano engádese ao rexistrado nos tres anteriores. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 o RevPAR estabilízase en 2013 grazas á leve mellora dos niveis de ocupación e comeza logo en 2014 unha tendencia positiva que leva a acadar en 2017 un ingreso medio por habitación dispoñible de 24,7 euros, a cifra máis elevada da serie histórica do INE –neste caso desde o 2009-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 82,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste ano 2017. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destacan Baleares –con 80,5 euros-, Cataluña –con 67,2 euros- e Madrid –con 64,2 euros neste caso-. No lado contrario marca o valor máis baixo Castela A Mancha –con 19,5 euros de media-.
- En termos dinámicos son as comunidades de Madrid e Navarra os destinos onde se rexistran os incrementos máis intensos do RevPAR hoteleiro, superando nun 16,7% e 14,1%, respectivamente, os valores do pasado ano.